

Os meus artigos máis retranqueiros

emilio rodríguez miranda (milucho)

Limiar

Con esta pequena escolma dalgúns dos meus artigos máis retranqueiros, publicados nos xornais (menos un, porque non fun quen de envialo) non pretendo máis que arrincar un sorriso a todos os meus benqueridos seareiros –e aos que aínda non o son–, contando anécdotas e acontecementos que calquera de nós podemos ver, cheirar, escoitar e ata padecer de cando en vez na nosa vida.

Quizais precisaría a axuda dalgún que outro debuxante retranqueiro (que habelos hainos tamén) para alumear cos seus trazos cada un dos meus artigos. Pero non fun quen de pedilo. Son coitado de mais. Qué lle vou facer!

De tódolos xeitos, tanto ten, que cada un lle bote un pouco de imaxinación, non precisamos máis.

Como aperitivo, permitídemme a licenza de principiar esta selección de artigos cunha das miñas poesías máis retranqueiras.

Un sorriso

Unha mirada cómplice,
un aceno agradecido,
e nun chiscar de ollos
un artigo divertido.

O anoxo primitivo
dun día triste e aciago,
convértese nun sorriso,
no intre axeitado,
cando a pluma sutil e certa,
a miúdo con ironía,
ceiba un dardo envelenado
apuntando a felonía
dun sorriso acedo e forzado.

Ogallá!, ao ler os meus artigos,
mesmo arrebatóche un sorriso
que percorra a túa faciana,
coma unha airexa nova;
que aleda o teu corazón,
pois non é outra a miña intención
cando penso no que escribo.

CHEIROS PROFUNDOS

(Faro de Vigo, 18-12-2012)

Hai cheiros que poden pasar pola nosa vida sen pena nin gloria, desapercibidos; e outros, pola contra, tan profundos que deixan un recendo na pituitaria do nariz que permanecen para sempre gravados na nosa memoria.

Só hai que meterse nun bus, por exemplo, si é urbano e no inverno mellor, para bater cos nosos fociños, ás veces, cun cheiro penetrante: unha mestura a “nenuco”, naftalina e chamusco que asolaga o corredor do bus, de proa a popa.

Ás veces, estes cheiros esváense polo efecto da física cuántica e quedan no aire, en suspenso, coma partículas sudoríparas anónimas. Pero outras, teñen nome e apelidos e o nariz lévache sen remedio a un destes viaxeiros que mesmo cheiran que alcatrea, coma si desde que foran bautizados non se lavasen na súa vida.

Xa coñecemos que hai crise, e que algúns non poden mercar “chanel nº 5”, pero eso “non é óbice nin cortapisa” para que, en prol dunha sa e pacífica convivencia, procuremos entre todos ter un mínimo de decoro. Para isto non fai falla moito, só un pouco de xabón e auga, porque tampouco se trata de ser ben xeitosos ou ires peiteados coa raia ao medio todo o día.

O que verdadeiramente ponche fóra de cacho é cando algún viaxeiro que vai de pé bate as ás levantando o brazo-xa sexa o dereito ou esquerdo-, para agarrarse como poden da varanda do bus. Aí é onde miras e percibes ese cheiro penetrante que ven das profundidades insondables daquel corpo e que no verán sae, sen dúbida, do suor do seu sobrazo, e que deixa un cheirume en todo o perímetro que non o esquecerás mentres vivas.

BANDULLOS

(Faro de Vigo, 01-07-2012)

Abofé non mirara tantos nas nosas praias coma neste verán. Só fai falla pasear pola beira do mar para bater cos fociños cun destes bandulleiros ou bandulleiras, ou se cadra, mirar de esguello e telos ao teu carón, estomballados enriba das toallas, e observar como suben e baixan amodiño ao compás da respiración. Temos bandullos de tódolos xeitos: bicudos, arredondados, de esquerda, de dereita e a algún que outro bandullento pendúralle ata chegar mesmo aos xeonllos. Coma este ano o verán fíxose o lacazán e chegou despois do corenta de maio, están cadanseus brancos, agás os que tiveron a afouteza de coller cor bronceado nunha desas máquinas endemoñadas que cuspen raios uva.

O bandullo é directamente proporcional á crise económica, porque canto máis medra esta, máis fanno os nosos bandullos que agroman ás veces ao abeiro das antucas, e non precisamente debido a comer ou beber á esgalla, non, porque os nosos bandullos están feitos de aire contido e comprimido produto das trolas que nos

agasallan de cando en vez os nosos políticos. O que antes era un non ou un sí rotundos, agora é un mar de dúbidas, e isto tradúcese nun desacougo tan grande que o noso bandullo inflámase irremediabilmente. Se, poño por caso, a “prima de riesgo” acada máis dos 500 puntos básicos, o noso bandullo espido ínchase na mesma proporción; que solicitamos un S.O.S. a Europa e concédenos un préstamo de ata 100.000 millóns de euros para o noso sistema financeiro, pois o mesmo.

Estas novas políticas e tamén económicas, primeiro penetran polo nariz, baixan pola tráquea e chegan ata os nosos alvéolos pulmonares; prodúcese entón o intercambio de gases entre o osíxeno e o CO₂ para logo chegar ao esófago e finalmente rematar no noso estómago onde fermentan e as veces producen certos gases que espállanse ceibes pola hipodermis, dermis e epidermis ata acadar o noso bandullo, dando como resultado a aparencia por todos coñecida.

AS CABICHAS ESPICHADAS

(Faro de Vigo, 13-08-2012)

Cada verán observamos nalgúns picotos de area, coma se de illas soberanas se tratase, as cabichas espichadas. Non é que estean ao chou espalladas, que tamén, senón ao redor dos parasoles e toallas constituíndo un verdadeiro andazo porcalleiro que zarrapican cada ano a nosa areeira e que son o sinal evidente de que nese preciso

lugar houbo un asentamento nómada de certas ánimas con non moi boa educación.

As cabichas poden ser longas ou curtas dependendo do índice de confianza dos cidadáns na nosa economía, e coma esta non está últimamente para darmos moitas ledicias, as cabichas están tan esgotadas que case non se aprecia o seu xeito arredondado, semellando lambiscadas; por iso miramos cómo as gaivotas peteiran nelas imaxinando atopar nos refugallos da nicotina algún cheiro coñecido.

Só temos que observar unha destas cabichas, e sen necesidade dun análise en profundidade coma o do ADN, por exemplo, para termos unha idea aproximada do estado de ánimo do seu dono. Se, poño por caso, a cabicha é curta e aínda por riba está esmagada de máis por mor de premer os beizos ata deixala coma unha palleta, pois podemos concluír que a posuidor daquela sospeita que a súa empresa vaille incluír nun ERE de extinción, apurando ata os derradeiros intres a súa bonanza económica, e por conseguinte o fume do seu pito.

Antes de ser o que son agora –simples cabichas–, foron no seu día unha unidade incombustible de pracer e ilusión que axiña esmorecíase dende que prendía a muxica do mixto ou o chisqueiro no corpo do cigarro. O mesmo acontece coa nosa economía, que agoniza a cada paso cando nos poñen á liña os nosos socios Europeos, e por este motivo as nosas cabichas están tan apuradas coma as Contas Públicas ou as nosas cartillas de aforros.

Todo este lerio ven a conto para dicirvos o seguinte: Fagan o favor de non deixar as cabichas nas nosas praias!; e leven cadaquén as súas miserias para casa, deixando a nosa areeira tan limpa e inmaculada coma verdadeiramente se merece. Ata máis ver!

BARULLO NA AREA

(El Correo Gallego, 8-08-2012)

Coido que existe un grupo de seareiros do noso Celtiña que se chama “barullo no área” ou algo semellante, pero este artigo trata doutra cousa ben diferente.....ou se cadra non tanto.

Nas nosas praias batémonos de cando en vez con certas tribos de persoas que no canto de falar entre elas como adoitan facelo nas súas casas, ou mesmo na consulta do médico, levan o altofalante enriba, poñen o volumen a todo meter e cóntannos a súa vida envorcando as propias miserias, e mesmo poñen a feder a todo aquel que se mova un chisco na súa toalla, sen ter en conta que a menos de metro e medio pode haber outra xentiña que o que quere simplemente é poder gozar do seu tempo de lecer en paz, en harmonía e equilibrio coa contorna; dándoche a airexa na cara e escoitando coma as ondas baten manseliñas na beira do mar; e non estoutro: Manolito, no molestes aos señores e ven a tomar a

merenda, non cho digo dúas veces!, dito con un ton de voz de contralto para riba.

Certamente Manolito, os seus curmáns e amigos semella que non teñen nin pais nin nais coñecidos, e andan ceibes pola areeira coma se de satélites sen planeta se tratase, xogando á pelotíña de marras, e de paso tocando as pelotas aos indefensos e pacíficos veciños e veraneantes.

Eu, de ser concelleiro da areeira na miña Vila, poría un chip intelixente nos bañadores dos nenos e nenas e conectado co oído medio e interno dos seus pais, para que deste xeito cada vez que Manolito ou Marisiña, poño por caso, anden amolando aos sofridores e pacíficos veraneantes, zósquenlles un ouveo enxordecador que faga vibrar na octava máis alta da nota Sol maior, o yunque, o estribo e mais a trompa de Eustaquio.

FESTAS GASTRONÓMICAS

(Faro de Vigo, 23-08-2012)

Non hai outro lugar no mundo coma a nosa Terra con máis festas gastronómicas por metro cadrado. Hainas durante todo o ano, pero no verán amosan todo o seu esplendor e variedade. En cada recuncho afastado das nosas vilas, parroquias e aldeas hai unha, dúas ou as que fagan falla, porque do que se trata é que, durante uns días, o teu

pobo sexa o branco de todas as miradas e a envexa da vila lindeira. Quero salientar, con non pouca morriña debo dicir, que as enchentes gastronómicas de hoxe son distintas das que espontaneamente adoitaban facer os nosos devanceiros, xa sexa no monte ou na praia, ó abeiro das romarías máis senlleiras. Agora todo está medido e controlado polos concursos públicos que artellan os nosos concellos que, ao mesmo tempo que dan a coñecer a propios e veraneantes a variedade e excelencia gastronómicas dos produtos da terra, tentan, deste xeito, dar un pulo económico á súa malparada economía.

Toldos e chafarices ó xeito de “jaimas” árabes ateigan as nosas prazas; ringleiras ao chou de famélicos convidados coma se dun campamento da mili se tratase fórmanse diante da caseta dos tickets de venda; mesas forradas de papel rachado ao xeito de banquete de voda cheiñas de xente famenta máis pendente de botarlle o dente ao prato do veciño que do seu; pratos, vasos, culleres e garfos de trola; por non falar de todas aquelas ánimas que levan tupperts e bursas de plástico para enchelos das sobras de comida que queda ciscada pola mesa. Hai familias abonadas a tódalas citas gastronómicas da bisbarra: a da sardiña, a do mexillón, a do carneiro ó espeto, a da tortilla, a da empanada, a do polbo, a da cigala, etc; ata os nenos da teta comparten esta esmorga de larpeiros chuchando co chupete as faragullas de pan de millo e tamén nas charcas de viño que zarrapican o mantel.

Só hai que mirar as facianas pracenteiras dos comensales cando saen nas fotos que publican os periódicos ao día seguinte. Non importa nin a diabete ni o ácido úrico; eche o mesmo que che suba ese día o azucre ou o colesterol ata límites perigosos. Un día é un día!

din cos ollos birollos e as fazulas inchadas de pracer gustativo. Mañá haberá que acudir ao centro de saúde para amañar esta desfeita, retrucan sorrindo. Entón estaremos durante os seguintes días a pan seco, tomando infusións de macela ou herba luisa, e ateigados de comprimidos que nos receita, coa conseguinte rifa, o noso médico, ata a vindeira festa gastronómica.

As cagallas dos nosos cans

(Faro de Vigo, 19-05-2013)

Os nosos cans e cadelas teñen dereitos, pero non obrigas. Explícome. Dereitos porque, cando saen a rúa na nosa compañía, teñen tamén dereito a facer o derradeiro treito da súa dixestión en algures, e nós, os seus donos, temos a obriga de recoller as cagallas e feces e pousalas, coma Deus manda, nos colectores que, para tal fin, ten que haber nas nosas vilas. E aquí quero facer unha súplica, tanto ás autoridades coma a nós mesmos, os afortunados donos de ter a un destes cans ou cadelas coma compañeiros de viaxe. Unha súplica ás autoridades para que repoñan as bolsas destas papeleiras con asiduidade e non agardar a caída da folla en Outono. O outro día fun dende Coia ata Teis, e non atopei ningunha dispoñible. E unha petición tamén a nós mesmos para que non sexamos tan luras e arrinquemos amodiño, unha a unha, a ser posible, e non todas á vez,

as bolsas destas papeleiras caninas, deixando aos demais donos cos fociños dunha cuarta.

COMA ZOMBIS

(Faro de Vigo, 3-06-2013)

Hai persoas que sempre van pola vida aparvadas, coma zombis, arrastradas por un fío invisible, obedecendo as ordes de non se sabe quen. Onte topeime cun destes zombis. Aconteceu na beirarrúa. Eu iba pola miña rodeira (porque tamén nas beirarrúas existe esta norma de conduta e circulación) cando vexo a un destes zombis co seu teléfono móbil, premendo compulsivamente cos seus dedos cachapiollos a pantalla táctil e, aínda por riba, levaba nas orellas, non un pinganillo, senon uns auriculares coma un mundo que mesmo semellaba que tiña un casco de albanel na cabeza.

Este zombi iba batendo, no seu percorrido, con cadeiras, mesas, árbores, señais de tráfico, con homes e mulleres. Non se inmutaba nin viraba de rumbo, non, él ao seu, dándolle á pantalla cos seus dedos gordos das mans, unha e outra vez, a unha velocidade de vértixe. Eu fixeime nel e, daquela, dixen, de boca para fóra, musitando: voulle dar unha lección, non me vou mover da miña carrileira, a ver qué carallo pasa! Pasou o que tiña que pasar: Tropezamos.

-Qué meu, seica andas aos biosbardos, non si?, díxenlle.

El i eu, fronte a fronte, coma dous pistoleiros dunha película do oeste; eu increpándolle, e él, o zombi, sin inmutarse, non me contestou, ni me mirou tan sequera, só emitíu, enfurruñado, un griñido indescifrábel.

Sacou os seus auriculares, rañou a orella esquerda e seguíu a camiñar ata esvaerse entre a xente.

Eu, daquela, pensei que, ademais de pantasma e a Santa Compañía, tamén hai zombis neste noso mundo. Cousas que pasan!

DEFUNTOS ALCUMES

(Faro de Vigo, 12-12-2012)

Nós, os galegos, “honramos” en vida aos nosos paisanos poñendo algún alcume agarimoso, uns máis acertados ca outros, todo hai que dicilo; pero tamén o facemos cando a persoa atravesada sen remedio a fronteira dos vivos.

Só hai que mirar as esquelas que adoitan poñer os nosos xornais nas súas derradeiras páxinas para observar esta saudable costume de alcumar aos nosos benqueridos defuntos. Algúns destes alcumes teñen relación co traballo que fixeran en vida, a saber: “o cesteiro”, “a peixeira”; outros amosan o afecto que lle profesaban os seus: “a raíña, “milamores”; e finalmente temos uns que é todo un misterio diviño: “tantos” ou “mirafondos”, entre outros moitos.

Cando comezei a traballar como xerente nunha asociación de empresarios, o seu presidente dicíame daquela: “Milucho, o primeiro que tes que facer pola mañá cedo é mercar o xornal, e deseguido botar unha ollada ás esquelas, por se algún asociado marchara sen avisar ó outro barrio”.

Abofé que dende aquela, mirar as esquelas é o segundo que fago- o primeiro é ler con atención a sección de opinión “cartas ao director”-, unha teima coma outra calqueira.

Sei que moitos lectores tamén o fan -refírome a mirar as esquelas, naturalmente-, porque ademais do propio finado, tamén podemos decatarnos se este era solteiro, estaba viuvo, o nome dos fillos, netos, curmáns e demais familia.

*Pero onde cravamos a mirada nas esquelas, no intre, é no alcume porque, se había algunha pequena dúbida co nome do finado, deseguida caemos da burra dicindo aquilo de: *Mira ti de quen ven sendo o fulano!**

Estes alcumes, principalmente nas nosas vilas, parroquias e aldeas, herdábanse de avós a pais, para despois pasaren aos fillos, de xeración en xeración, ás veces para algúns coma se fose unha pesada lousa cando o alcume é revirado de mais.

Finalmente, cando algunha persoa morre lonxe do seu lugar de nacemento e entérrano, fanlle o funeral ou celebran o cabodano no seu pobo, o alcume, que figura ás veces debaixo do nome do finado nas esquelas dos nosos periódicos atrae, cando menos, a curiosidade dos parroquianos congregados na igrexa ou fóra, no adro, dándolle deste xeito o derradeiro e sentido homenaxe ao defunto.

Esta cristiá costume de alcuñar nas esquelas trasládase despois aos cemiterios poñéndoos nos nichos, perpetuando para sempre os “defuntos alcumes” nos nosos camposantos.

CONVERSAS CO MEU REFRIXERADOR

(Artigo filósofo-retranqueiro)

Xa mo advertiu o vendedor cando troquei o meu vello refrixerador por un “non frost, clase A plus”: este aparello ata pode mesmo falar!. Non lle din máis importancia ca dunha sutil técnica de venda, coñecedor cun ferrancho sofisticado, por moi “non frost” que sexa, é incapaz de levar unha simple conversa. Pero foi ao terceiro día, nunha desas interminables noites de insomnio cando comprobei abraiado que era certo; o meu refrixerador non é que fale pronunciando vogais e consoantes, senón con sons agudos ou graves dependendo do estado de ánimo. Dende ese día aprendín a súa linguaxe, do mesmo xeito cos científicos interpretan os infrasons que emiten os cetáceos, coma as baleas, dende as profundidades oceánicas. Polo día permanece en silencio, cumprindo o seu quefacer, enchufado polo cordón umbilical á rede eléctrica, e pola noite espreguízase dando o seu primeiro bocexo despois da media noite.

Ás veces sinto o seu son dende a miña cama, chamándome cun asubío suxestivo, e non me queda outra que ires á cociña a ver que carallo quere. Últimamente non fai mais que botar laídos, queixándose amargamente da súa falla de liberdade encaixado no moble á medida que lle fixemos na cociña. Entón eu dígolle que fóra as cousas non están millor, que non é todo o que parece, e que nós, as persoas, tamén estamos perdendo a pouca liberdade que temos, enchufados a unha realidade que nos supera e desconcerta.

Abofé, sei que ninguén vai crer esta simbiose tan extravagante e pensará: “cadaquén coa súa teima”, i eu non serei quen de negalo.

O DESTETE DO Sr. BÁRCENAS

(Faro de Vigo, 04-03-2013)

Este home tan ben peiteadiño e pinta de non romper un prato na súa vida é un claro exemplo de destete tardío. Se facemos caso ó que di o dicionario, esta palabriña pódese empregar tamén para indicar o afastamento que, aos poucos, fan os pais cos seus fillos para que aprendan a desenrolarse por si mesmos, saian das súas tobeiras dun raio dunha vez e non andaren pendurados todo o día do teto.

O Sr. Bárcenas chupou do teto do seu partido –o Popular– dende hai máis de vinte anos, e nese tempo doulle por amorear, asemade, unha chea de cartos en Suiza froito, seica, da súa pericia nos negocios. Qué pillabán! Non conforme, pretendía seguir chupando toda a súa vida do teto, que é tamén do noso porque non esquezamos que os partidos políticos dependen económicamente, na súa meirande parte, dos cartos que vostede, eu e ata o máis trouleiro pagamos cos nosos impostos. Para este xeito vicioso e compulsivo de chupar temos tamén no dicionario unha palabra tan contundente coma malsoante.

A cousa chegou a feder tan mal que non houbo mais remedio que forzar a este persoeiro tan impecablemente vestido ao destete definitivo. Pero coma acontece cos nenos da teta e tamén algúns maiores, coma o Sr. Bárcenas, pillou unha rabecha de moito nabo e armouna ben gorda, ata o punto de demandar aos seus por “destete

improcedente”. A cousa aínda non vai rematar aquí. Isto vai ser mellor que ver, despois da soneca, unha telenovela por capítulos.

HABEMUS QUITA

(Faro de Vigo, 26-03, El Correo Gallego, 27-03-2013)

Que me quitan o qué?

Se non fora porque os que sofren dende hai tempo o corralito das preferentes e subordinadas non están para moitas lérias, poderíase facer mesmo un artigo ben xeitoso. Pero non, as sospeitas e o runrún convertíronse definitivamente en traxedia para moitas familias dende que o FROB comunicara, coma o fai o cardenal protodiácomo na elección do novo Pontífice, os recortes ou descontos, coma adoitan dicir eufemisticamente, para aqueles aforradores que tiveron a feliz idea no seu día de subscribir participacións preferentes e subordinadas, estas últimas sexan perpetuas ou con vencemento, e que van a perder o seu capital entre o 43 e o 41% (clientes de NGB). Ata algún coitado dirá aquilo de: menos é nada!

Digo eu: se a un lle quitan os seus cartos, a quen llos van a dar? Agás que nos queiran facer crer que os aforros de toda unha vida de Pepe, o irmán de Berta, esvaéronse coma a brétema no verán.

Todos podemos, de cando en vez, cometer algún erro ca outro, e polo tanto romper un e ata dous pratos, pero o que acontece neste asunto –o das preferentes e subordinadas– e que alguén ou algúns esnaquizaron o enxoval e a vaixela enteiriña herdada con tanto agarimo dos nosos avós, con tazas de café de Santa Clara incluídas. Algúns políticos, economistas e financeiros, para quentar aínda máis o inferno, seguen a pensar que a culpa é dos propios aforradores que, seica, parvearon cos xuros astronómicos que ían apañar namentras os outros pecaban teimudamente contra o décimo mandamento do noso Señor.

E agora qué?

EMPRESAURIOS E OPERAURIOS

(Faro de Vigo, 03-02-2013)

Houbo un tempo, no periodo Mesozoico hai 160 millóns de anos, donde grandes réptiles dominaron a Terra, para despois desapareceren sen saber moi ben cómo nin por qué.

Na nosa era existen tamén certos “empresaurios” que, seica, aínda non se decataron de que estamos no século XXI, e que, nin o xeito de producir, comercializar e ata de pensar, eche o mesmo aos

da revolución industrial da metade do século XVIII e principios do XIX, por no falar do uso das novas tecnoloxías, ferramentas informáticas e redes sociais. Tamén, todo hai que dicilo, existe unha fauna de traballadores “operarios” que pensan que o seu traballo consiste simplemente en fotocopiar unhas cantas follas e grapalas, e deste xeito pasan a súa xornada laboral –que non ven sendo outra ca súa propia vida–, sen máis padecementos e ilusións. Dentro dos operarios, estou pensando especialmente en certos “funcionarios”, que habelos, hainos tamén.

Todos debemos ser conscientes que o mundo económico e asemade produtivo mudou, e agora estamos nun totalmente distinto: o das novas tecnoloxías e da información, pero tamén no de pensar e facer as cousas doutro xeito. Son novos tempos, e todos temos que ser capaces de desaprender certos vicios e costumes adquiridos que non levan a ningures e aínda máis tendo en conta que estamos a padecer unha crise económica tan teimuda. Con seis millóns de parados (moitos deles endémicos) temos que ser capaces de reinventarmos e acostumarmos a sobrevivir neste mundo complexo. Pero, eso sí, debemos facelo con sentidiño, con proxectos viables e non feitos ao chou, e a poder ser dándolles un valor engadido e diferenciado, aproveitando as sinerxias e tamén as novas oportunidades. Son tempos para os novos emprendedores, traballadores autónomos, aínda que sexa por obrigación, porque non vai vir ningunha multinacional a contratarmos. Non vai ser doado, pero temos que intentalo, non nos queda outra; senón, como sucedeu cos dinosauros daquel período convulso da era xeolóxica, seremos afastados, con moita pena e sen ningunha gloria, da vida laboral.

Pintor Laxeiro, beirarrúa perigosa

(Faro de Vigo, 9-04-2013)

Este pequeno treito -pola banda esquerda- que vai dende a rúa Regueiro ata a esquina da rúa Gerona, en Vigo, onde a diario pasamos, amén doutras persoas, nenas e nenos, estudantes do colexio Miralba, tamén coñecido coma Xeusitinas, acompañados ou non das súas nais, pais, avós e demais familia, semella un campo de guerra minado e, polo tanto, é unha zona de alto risco.

Ademais de estreita -ou pasas ti ou paso eu-, atopamos unha morea de lousas esnaquizadas e levantadas que, con pouco que lle deas coa punta do zapato, poden brincar e mesmo deixarche un ollo mazado. Abofé, non hai unha lousa sa, deica o punto que, debido ao estado lamentable da beirarrúa do afamado pintor, os sufridos comerciantes da zona xa teñen unha caixa de urxencias “ad hoc” nas súas portas para sandar as feridas nos nocellos, os escorbaduras ou caídas de peóns que se producen a miúdo. Non é que eu queira ser retranqueiro de mais, pero semella que o noso Concello trata mellor ao Pintor Colmeiro, que da nome tamén a unha rúa próxima, que ao noso egrexio e benquerido Laxeiro.

Polo tanto, solicito ao Sr. Alcalde que, polo ben das persoas que pasamos a diario por ese cachiño esquecido da man do noso Señor, e tamén do noso Concello, amañen ou humanicen a devandita beirarrúa dunha vez por todas; por pedir, pregaría tamén que continuasen arranxando ata a rúa Camelias, pero coido que entón fundiríamos as depauperadas arcas municipais. Moi agradecido.

Nota: Será casualidade, intermediación diviña ou efecto do fenómeno da

física cuántica, acción-reacción (se un é agnóstico); o feito é que no día de hoxe (11 de abril) unha cuadrilla de obreiros comezaron a amañar a beirarrúa. Será só un remendo? Parabén ao noso Concello.

Loado sexa o noso Señor!

SENTIRSE FORASTEIRO

(Faro de Vigo, 13-09-2012)

Co senlleiro e mecoso apelativo de “jodechinchos” coñecíase na Península do Morrazo aos veraneantes que adoitaban visitar as nosas vilas e parroquias mariñeiras durante o verán, principalmente aos madrileños. Despois, e sen vir á conto, estendeuse este alcume aos nosos veciños da cidade olivíca e mesmo da capital da provincia que, enfeitizados pola paisaxe, colonizaron aos poucos (con mellor ou peor gusto arquitectónico e respecto á contorna, debo dicir) as nosas praias, montes e soutelos.

Non sabemos con certeza a orixe desta palabra de marras que, lonxe de ser despectiva-ou iso cría eu-, foi utilizada para nomear, por exemplo, a todos aqueles forasteiros que ían a praza a mercar chinchos e logo na casa non sabían sacar as magas, e claro, estragaban o peixe que mesmo brincaba vivo na patela da peixaría. Outros eruditos na materia dicían que non, que a orixe xenealóxica desta palabra viña sendo que os nosos benqueridos veraneantes da meseta, coma eran un pouco vaidosos e tiñan costumes distintas das nosas, ateigaban as lonxas, prazas e supermercados, rachando as quendas disciplinadas e a convivencia dos nosos paisanos (daquela, os chinchos eran os naturais da vila, claro). Agora non, as nosas vilas

mariñeiras convértense durante o verán en cosmopolitas, e mesmo podes atopar a un madrileño de Carabanchel que a un arxentino da Patagonia.

Pero, dende que o outro día un veciño chamoume no meu fociño, sen mais, “jodechincho”, a min, que son natural dunha vila do Morrazo aínda que resido fóra, e o seareiro máis fiel da miña bisbarra, doume por pensar que este alcume, agarimoso pero ao mesmo tempo retranqueiro, segundo quen o diga, serve tamén para definir aos que se sinten apátridas, “metecos” coma adoitaban chamarlles na antiga Grecia aos estranxeiros que non gozaban dos mesmos dereitos dos nados en Atenas. Entón, comprendín moitas cousas, e sentín un desacougo tan grande que comezei a cantaruxar polo baixo a letra da canción “le métèque” que popularizou o cantautor de tanta sona á finais dos anos 60, Georges Moustaki, que naceu en Exipto pero de pais gregos, aínda que viviu en París. Cousas da vida!

Agradecemento:

Aos meus fieis lectores que me seguen e entenden (ás veces non é doado, seino) a miña retranca.

Con gratitude.

Emilio rodríguez miranda (milucho para os amigos)

(Beluso, Bueu, Primavera do ano 2014)

Nota: todos estes artigos (que non están recollidos no meu libro anterior “mis cartas al director”) están espallados no meu blog adornanailladeons.blogspot.com (o blog de milucho), por se queredes botarlle unha ollada.